

## BUSCA DO TESOURO 4.

Serás quen de resolver a combinación correcta que abre este cadeado? Trata de superar as probas diarias para obter a combinación de seis cifras que abre o cadeado. Que misterio se agocha detrás desa combinación?

### Introduce o código



1. Para obter o primeiro número da combinación secreta vas a enfrontarte a unha pequena secuencia de "cadeados matemáticos encadeados". Estás preparad@?... Pois adiante.

Podés acceder a través deste código QR:



2. De novo imos encadear cadeados. Desta volta trátase de "cadeados naturais". Veña sen perder máis tempo ... adiante con eles.

Tamén podés acceder a través deste código QR:



3. Se onte falabamos da auga en estado líquido, hoxe imos traballar os seus cambios de estado de novo cuns "cadeados naturais". Tes que descubrir os nomes dos cambios de estados con algunha axudiña en forma de imaxe e de texto de lectura dificultosa. Imos aló sen demorar máis.

Tamén podes acceder a través deste código QR:



4. Debes dicirlle as táboas do cinco e do seis a alguén da túa casa.  
*Se novas palabras queres obter  
as táboas do 5 e do 6 debes saber.*

Despois de dicirlle as táboas, e so nese caso, trata de solucionar este pequeno enredo para obter outro número da combinación.

Que resultado se repite nas táboas do 5 e do 6?

Tamén podes acceder a través deste código QR:



5. Imos botar man do papagaio de xuño que tedes na sección da Biblioteca dentro da páxina web do noso cole. Alí deberás dar

resposta ás preguntas contidas no seguinte par de "cadeados encadeados".

Tamén podes acceder a través deste código QR:



6. Xa so queda este paso para obter a combinación que abre o cadeado. Aquí tes a derradeira serie de "cadeados encadeados" que deberás resolver para obter o número que falta. Afina os teus coñecementos xeográficos para conseguilo.

Tamén podes acceder a través deste código QR:



# TES A CHAVE CON SEIS NÚMEROS?

**Introduce o  
código**



Cres que tes o código correcto da busca do tesouro 4? Si é así accede ao cadeado dixital premendo na imaxe ou neste [enlace](#), introduce a combinación de números na orde aceptada e preme en "enter" para desbloquear o cadeado e obter a recompensa.

Tamén podes acceder ao cadeado a través deste código QR.



